



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 1 DE MARZO DO 2018.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: Dª María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión Dª Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Víctor Reiriz Lampón Dª María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día un de marzo do dous mil dezaioito, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 15 de febreiro de 2018 e 22 de febreiro de 2018.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 27/02/2018, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2018 – 000007
Importe total	113.840,52 €
Número de facturas	91
1ª factura.	
Emisor (Cif)	09442709J
Importe	6.169,20 €
Última factura	
Emisor (Cif)	J15626245
Importe	1.280,43 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	23/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes - Concellería de Administración Pública Anxo Orellán Fernández - Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 12 caixas papel DIN-A4 (Deportes: 182,95 €) e 36 caixas papel DIN-A4 (Casa Consistorial: 548,86 €)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE Incluído):	731,81 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de pack de 13 licenzas antivirus (equipos e servidor) para Servizos Sociais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DEPARTAMENTO GALLEGO DE INFORMÁTICA, S.L.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DEPARTAMENTO GALLEGO DE INFORMÁTICA, S.L.L.		
NIF/CIF:	B36914380		
Importe (IVE Incluído):	254,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	3	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Xerente de Actividades Deportivas José Miguel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material diverso necesario para repoñer o alumeadado interior/externo dalgunhas instalacións deportivas do Concello (Campo de herba sintética da Fieiteira, Centro de Raqueta Santa Uxía e Complexo A Fieiteira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO PAZOS, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ANTONIO PAZOS, S.A.		
NIF/CIF:	A15066913		
Importe (IVE Incluído):	2.578,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Parques e Xardíns Vicente Alberto Sieira Cores		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de ferramenta para mantemento de xardíns municipais (Azadas, tixeiras poda, rastrillos, escobas, recolletores e sprays aceite engrase maquinaria)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70474747		
Importe (IVE Incluído):	523,86 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de mallazo para dar acceso a un cambio de sentido nua rúa do Touro (Riveira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JOSÉ MANUEL BLANCO TREUS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JOSÉ MANUEL BLANCO TREUS		
NIF/CIF:	52459880P		
Importe (IVE Incluído):	196,02 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de formigón para dar acceso a un cambio de sentido nua rúa do Touro (Riveira)		
Nº orzamentos	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

aportados			
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.		
NIF/CIF:	B15025786		
Importe (IVE Incluído):	2.124,51 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de madeira e puntas para encofrado para dar acceso a un cambio de sentido nuha rúa do Touro (Riveira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE Incluído):	77,74 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	21/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de chapas de madeira para mantemento dos parques infantís		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	COMERCIAL MALLO AREA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	COMERCIAL MALLO AREA, S.L.		
NIF/CIF:	B15243918		
Importe (IVE Incluído):	2.026,75 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	21/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de parafusería diversa para mantemento dos parques infantís		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.		
NIF/CIF:	B15122344		
Importe (IVE Incluído):	2.045,93 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	10	Data	21/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de pinturas para mantemento dos parques infantís		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PINTURAS ISAVAL, S.L.		
NIF/CIF:	B46069654		
Importe (IVE Incluído):	443,13 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	22/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais (area, cemento branco e Repais antivérdín) para construción dunhas letras de formigón branco (x2)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE Incluído):	2.120,10 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	22/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais (chapa de carroceiro) para construción dunhas letras de formigón branco (x2)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE Incluído):	894,14 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	22/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais (ferro armado) para construción dunhas letras de formigón branco (x2)		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- JOSÉ MANUEL BLANCO TREUS - COMERCIAL MALLO AREA, S.L.
Informe:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	JOSÉ MANUEL BLANCO TREUS
NIF/CIF:	52459880P
Importe (IVE Incluído):	314,60 €
Observacións:	

Nº Proposta	14	Data	21/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación e pasar ITV vehículo Citroen Xsara 9699CCZ		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52459904D		
Importe (IVE Incluído):	977,84 €		
Observacións:			

Nº Proposta	15	Data	23/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal-Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Levantamento topográfico de parcela municipal no lugar de Cruxeiras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL GUERRA CORREDOIRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MANUEL GUERRA CORREDOIRA		
NIF/CIF:	33246953Q		
Importe (IVE Incluído):	726,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	16	Data	16/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 1.500 litros de gasóleo para o sistema de calefacción do Auditorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L. - GASÓLEOS BARBANZA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.		
NIF/CIF:	B15668072		
Importe (IVE Incluído):	1.018,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	17	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 2.500 medallas para as diferentes actividades que organiza a Concellería de Deportes	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- DOSTEX, S.L. - JOSÉ ESTÉVEZ SANISIDRO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE Incluído):	1.996,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	18	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 592 trofeos para as diferentes actividades que organiza a Concellería de Deportes	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JOSÉ ESTÉVEZ SANISIDRO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JOSÉ ESTÉVEZ SANISIDRO		
NIF/CIF:	14782354R		
Importe (IVE Incluído):	5.123,54 €		
Observacións:			

Nº Proposta	19	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de madeira de pino país tratada en autoclave para pasarela en Coroso, a realizar polos alumnos de carpintería e moble	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- COMERCIAL MALLO AREA, S.L. - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:	Directora Obradoiro de Emprego Tahume IV-Sandra Pérez González (27/02/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	COMERCIAL MALLO AREA, S.L.		
NIF/CIF:	B15243918		
Importe (IVE Incluído):	15.240,56 €		
Observacións:			

Nº Proposta	20	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de parafusos e puntas de desparafusador para pasarela en Coroso, a realizar polos alumnos de carpintería e moble	
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. - FERRETERÍA PORTOFERR, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.	
NIF/CIF:	B70474747	
Importe (IVE Incluído):	680,87 €	
Observacións:		

Nº Proposta	21	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de miniexcavadora e afurador para pasarela en Coroso, a realizar polos alumnos de carpintería e moble		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- TALLERES ARTEIXO, S.L. - TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.
Informe:	Directora Obradoiro de Emprego Tahume IV-Sandra Pérez González (27/02/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TALLERES ARTEIXO, S.L.		
NIF/CIF:	B15031560		
Importe (IVE Incluído):	3.099,80 €		
Observacións:			

Nº Proposta	22	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de flores (45 bouquets variados) co motivo do homenaxe ás auxiliares de auxuda a domicilio pola celebración do Día Internacional da Muller Traballadora o día 08/03/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARILÓ PLANTAS Y FLORES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARILÓ PLANTAS Y FLORES, S.L.		
NIF/CIF:	B15597602		
Importe (IVE Incluído):	675,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	23	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de tinta a cor (Pack HP 950/951 CMY XL) para impresión de diplomas co motivo do homenaxe ás auxiliares de auxuda a domicilio pola celebración do Día Internacional da Muller Traballadora o día 08/03/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	INITEL INFORMÁTICA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	INITEL INFORMÁTICA, S.L.		
NIF/CIF:	B15831688		
Importe (IVE Incluído):	110,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	24	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais e Igualdade M ^a Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de equipo de son e asistencia técnica co motivo da concentración para reivindicar os dereitos das mulleres pola celebración do Día Internacional da Muller Traballadora o día 08/03/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52932383E		
Importe (IVE Incluído):	242,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	25	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Comprobación do illamento eléctrico do edificio da UAD, localización de fuga e arranxo da mesma		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.		
NIF/CIF:	B15970692		
Importe (IVE Incluído):	347,49 €		
Observacións:			

Nº Proposta	26	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación de cadro eléctrico do local municipal da Rúa Cristóbal Colón		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.		
NIF/CIF:	B15970692		
Importe (IVE Incluído):	496,26 €		
Observacións:			

Nº Proposta	27	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación-Medio Ambiente Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Publicación de media páxina de publicidade o domingo 04/03/2018 na edición Barbanza da Voz de Galicia ao Bando do Alcalde sobre os traballos de limpeza de biomasa que é preciso realizar en aplicación da Lei de Prevención e Defensa contra os		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		Incendios Forestais de Galicia	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000649		
Importe (IVE Incluído):	423,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	28	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Semáforos de Corrubedo: Revisión de liña de luces entrada a porto, cambio de bases e relés, reprogramación miniautómata e posta en marcha		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ELECTRO VIDAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ELECTRO VIDAL, S.L.		
NIF/CIF:	B15227259		
Importe (IVE Incluído):	574,75 €		
Observacións:			

Nº Proposta	29	Data	28/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Tesoureiro-Admón. Económica José Antonio Rueda de Valenzuela		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de pracas rotuladas de vao permanente		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SERGIO REGUEIRA CAMPOS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SERGIO REGUEIRA CAMPOS		
NIF/CIF:	52930187B		
Importe (IVE Incluído):	1.550,01 €		
Observacións:			

Nº Proposta	30	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de 200 exemplares da obra "Un home estraño", gañadora da VI edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Riveira"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDICIÓN XERAIS GALICIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EDICIÓN XERAIS GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:	A36617496		





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Importe (IVE Incluído):	1.999,67 €
Observacións/Anexo ao acordo:	Asímesmo, a Xunta de Goberno Local , por unanimidade dos presentes acorda aprobar o borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a editorial Edicións Xerais de Galicia, S.A., para proceder á súa sinatura de cara á VII Edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Riveira" 2018-2020

Nº Proposta	31	Data	27/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^a Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 60 carteis e 400 dípticos para a divulgación da VII edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Riveira" 2018-2020		
Nº orzamentos aportados	5	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L. - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - MARÍA MARTÍNEZ VILAR - RÓTULOS BARBANZA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE Incluído):	89,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	32	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^a Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de 5 horas de asistencia técnica pola representación do espectáculo "El orgasmo es cosa de mujeres" no Auditorio Municipal o 23/03/2018, co motivo da celebración do Día Internacional do Teatro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52932383E		
Importe (IVE Incluído):	48,40 €		
Observacións:			

Nº Proposta	33	Data	26/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura M ^a Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de reparto e pegada de 60 carteis en Riveira e parroquias pola representación do espectáculo "El orgasmo es cosa de mujeres" no Auditorio Municipal o 23/03/2018, co motivo da celebración do Día Internacional do Teatro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESTRELLA PAZ GARCÍA
Informe:			





PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	ESTRELLA PAZ GARCÍA
NIF/CIF:	33227093M
Importe (IVE Incluído):	29,04 €
Observacións:	

PROPOSTA DE GASTO Nº 34: Pago de gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido 2018.

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 16/02/2018, na que solicita que se realice o pago aos beneficiarios das gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido 2018, segundo os importes reflectidos na relación e anexos que achega xunto coa proposta.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Prestar a súa aprobación ao pago para os beneficiarios das gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido 2018, segundo a seguinte relación:

Categoría/Modalidade. Nome artístico. Título.Representante	Importe Premio/Gratificación
Comparsa Infantil: Alfaia de Riveira Murga Infantil: "Onda buena, buena onda" Pilar García Torrado	Gratificación: 300,00 €
Murga Infantil: Escuela de baile El Tomasón "Nos hemos vuelto locos?" M ^a Tania Dorca Martínez	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: Residencia do Maior de Riveira "Pasito a pasito" Geriatros, S.A.	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: "Palomitas de Maíz VS Flocos de Millo" Asociación Cultural Recreativa Havana-Riveira	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: "España es un circo" Asociación Cultural Amencer	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: Murga da Rei Cofraría da Dorna "República dorneira" Real e Ilustre Cofradía da Dorna	Gratificación: 200,00 €





Murga Adultos: "Puchodomonte" Club de Pensionistas y Jubilados del Mar de Riveira	Gratificación: 200,00 €
Murga Adultos: Murga de Porto do Son, Os de sempre "Un país de pandereta" Manuela Calo Rodríguez	<u>1º premio:</u> 1.000,00 €
Murga Adultos: Asoc. Cultural Recreativa Veciñal Deportiva A Redonda Vella "El Circo" José Campaña Pérez	<u>2º premio:</u> 600,00 €
Murga Adultos: Asoc. Veciñal Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira "Carreiring Topic" María Ventura Sampedro Rego	<u>3º premio:</u> 400,00 €

III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE FRIÓNS (CARREIRA)".

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de **"Ampliación da rede de saneamento e pavimentación no lugar de Frións (Carreira)"**.

O investimento foi incluído na **2ª fase do "POS adicional 1/2016"**, aprobado por Resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial da Coruña número 2017/28408, da data 12/09/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/09/2017, co número 15.160.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, cun orzamento total de licitación de 62.260,27 euros (orzamento base: 51.454,77 euros; IVE 21%: 10.805,50 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Informe técnico de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/12/2015, no que manifesta que as obras realizaranse en solos clasificados no PXOM como solo de núcleo rural; que non existe inconveniente en relación coa normativa urbanística, e que precisa autorización da Deputación Provincial da Coruña.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, no que manifesta que a obra discorre en terreos clasificados segundo o PXOM como solo de núcleo rural e afectarán á beirarrúa da estrada DP-7301, polo que é precisa autorización da





Deputación Provincial da Coruña; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes.

- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/12/2015, no que manifestan que o proxecto contempla a execución dunha liña de saneamento e dunha pavimentación que afectarán á beirarrúa da estrada DP-7301, polo que é precisa autorización da Deputación Provincial da Coruña; e que o concello precisa autorización da Deputación Provincial da Coruña para dispoñer dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- 5.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 6.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 16/12/2015, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2016 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 7.- Decreto da Alcaldía da data 04/07/2017, polo que se resolve solicitar á Deputación Provincial de A Coruña a inclusión do proxecto no Plan de Obras e Servizos Adicional 1/2016.
- 8.- Informe previo á autorización emitido pola enxeñeira do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de A Coruña, da data 03/02/2016 (que tivo entrada neste Concello na data 04/02/2016, co número 1.119).
- 9.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/02/2016, no que manifesta que o proxecto axústase ás condicións establecidas no informe previo á autorización emitido pola enxeñeira do Servizo de Vías e Obras da Deputación.
- 10.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 22/02/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 11.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/02/2018 (número de operación 2018 22002966), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.619.06.
- 12.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor





prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.

13.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 27/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

14.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 27/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos**:

PRIMEIRO.- **Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de “Ampliación da rede de saneamento e pavimentación no lugar de Frións (Carreira)”**, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, cun orzamento total de licitación de 62.260,27 euros (orzamento base: 51.454,77 euros; IVE 21%: 10.805,50 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- **Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- **Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 160.619.06.

CUARTO.- **Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación** por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.





2.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “MELLORA DOS ACCESOS AO MATADOIRO DO PARQUE EMPRESARIAL DE XARÁS (RIVEIRA)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “MELLORA DOS ACCESOS AO MATADOIRO DO PARQUE EMPRESARIAL DE XARÁS (RIVEIRA)”.

A adxudicación realizouse por decreto da alcaldía asinado na data 19/11/2014, a favor da empresa “NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.” (NIF A-15146608), e o correspondente contrato asinouse na data 20/11/2014.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 3.572,45 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 19/11/2014 (nº de operación 2014 33008880), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor nº 8190-00698.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 25/11/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 23/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 26/02/2018, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 3.572,45 euros constituída por “NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.” (NIF:A-15146608), para responder da execución do contrato “MELLORA DOS ACCESOS AO MATADOIRO DO PARQUE EMPRESARIAL DE XARÁS (RIVEIRA)”.

3.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “CARPAS FACAL, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CARPA PARA ALBERGAR OS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA DURANTE AS OBRAS DE DERRIBO DO ACTUAL MERCADO E A POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DO NOVO MERCADO MUNICIPAL”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “SUBMINISTRACIÓN PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CARPA PARA ALBERGAR OS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA





DURANTE AS OBRAS DE DERRIBO DO ACTUAL MERCADO E A POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DO NOVO MERCADO MUNICIPAL”.

A adxudicación realizouse por decreto da alcaldía asinado na data 27/01/2012, a favor da empresa “CARPAS FACAL, S.L.” (NIF B-70158795), e o correspondente contrato asinouse na data 08/02/2012.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 2.646,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 27/01/2012 (nº de operación 2012 33000013), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor nº 268042.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como responsable do contrato, da data 27/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 28/02/2018, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.646,00 euros constituída por “CARPAS FACAL, S.L.” (NIF:B-70158795), para responder da execución do contrato “SUBMINISTRACIÓN PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CARPA PARA ALBERGAR OS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA DURANTE AS OBRAS DE DERRIBO DO ACTUAL MERCADO E A POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DO NOVO MERCADO MUNICIPAL”.

4.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL E CONSTRUCCIÓN DE PARQUE BIOSAUDABLE NO LUGAR DE MUIÑOS (OLEIROS)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado “**Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muiños (Oleiros)**”, cun orzamento total de licitación de 70.615,55 euros (orzamento base: 58.359,96 euros; IVE 21%: 12.255,59 euros) e un prazo de execución de 1,5 meses.

O investimento foi incluído no “**Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017**”, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación





que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro 2017, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61957, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 21/09/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 187, da data 02/10/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 20/10/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 06/11/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) Zona de Obra O Rosal, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/10/2017, co número 16.678

2) Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/10/2017, co número 17.147.

3) HPC Ibérica, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.233.

4) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/10/2017, co número 17.247.

5) Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.299.

6) Globalia Urbanismo Integral, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.313.

7) Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.314.

8) Construcciones Cernadas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.333.

9) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/10/2017, co número 17.372.

10) Jardincelas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.465, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

11) Denuovo Punto Creativo, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.466, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

12) Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.482, presentada a través da oficina de



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180205213
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 06/03/2018		Fecha: 06/03/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/03/2018		Hora: 14:26
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/03/2018 14:27:55		





correos na data 30/10/2017.

13) Construcciones Siber Ordes, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.486, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

14) Ceta Contratas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.487, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

15) Construcciones Anspal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.489, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

16) Sergonsa Obras y Servicios, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.501, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

17) Calfensa Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.502, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

18) Bricantel España, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.533, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

19) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.534, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

20) Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/11/2017, co número 17.535, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

21) Equidesa Group, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/11/2017, co número 17.556, presentada a través da oficina de correos na data 30/10/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa sesión de data 09/11/2017, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas, Zona de Obra O Rosal, S.L.U, Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L, HPC Ibérica, S.A, Tarrío y Suárez, S.L, Globalia Urbanismo Integral, S.L, Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L, Vías y Servicios Generales, S.L, Jardincelas, S.L, Denuovo Punto Creativo, S.L, Construcciones Siber Ordes, S.L, Sergonsa Obras y Servicios, S.L, Calfensa Proyectos, S.L, Bricantel España, S.L, Arines Obras y Proyectos, S.L, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta.

B.- Requiritr ós licitadores Pavimentos Noia Obras e Contratas, S.L, Construcciones Cernadas, S.L, Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L, Ceta Contratas, S.L, Construcciones Anspal, S.L, Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L, para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o





Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación.

C.- Declarar excluído da licitación á empresa Equidesa Group, S.L, por canto non presenta dentro do sobre A da súa oferta (documentación simplificada) o modelo de declaración de porcentaxe de subcontratación, incumprindo, polo tanto, o establecido no derradeiro parágrafo da cláusula 12.1.2.B: "As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas".

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 24/11/2017, e que foron notificados por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 09/01/2018, acordou dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas Pavimentos Noia Obras e Contratas, S.L., Construcciones Cernadas, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., Ceta Contratas, S.L., Construcciones Anspal, S.L. e Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a celebrar o acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

Licitador	Orzamento base (sen IVE)
Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	45.812,57 €
Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.	49.900,00 €
HPC Ibérica, S.A.	49.235,74 €
Tarrío y Suárez, S.L.	46.687,96 €
Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.	46.979,76 €
Globalia Urbanismo Integral, S.L.	43.717,92 €
Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	46.900,00 €
Construcciones Cernadas, S.L.	44.297,52 €
Vías y Servicios Generales, S.L.	43.769,97 €
Jardincelas, S.L.	40.054,41 €
Denuovo Punto Creativo, S.L.	47.329,93 €
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	40.905,75 €
Construcciones Siber Ordes, S.L.	42.508,34 €
Ceta Contratas, S.L.	46.098,99 €





Construcciones Anspal, S.L.	43.769,97 €
Sergonsa Obras y Servicios, S.L.	45.155,00 €
Calfensa Proyectos, S.L.	44.937,17 €
Bricantel España, S.L.	44.099,03 €
Arines Obras y Proyectos, S.L.	41.102,92 €
Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.	42.019,17 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas empresas Jardincelas, S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. e Arines Obras y Proyectos, S.L., deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 09/01/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas as empresas “Jardincelas, S.L.” e “Arines Obras y Proyectos, S.L.”

Con data 05/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muiños (Oleiros)”*, no que conclúe que:

“Na documentación presentada por Jardincelas, S.L. expón os motivos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

A documentación presentada por Arines Obras y Proyectos, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta.

A empresa Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. non presentou documentación algunha para xustificar a súa oferta.

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Jardincelas, S.L. e excluír ás empresas Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. do proceso de licitación”*.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 06/02/2018, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión de data 08/02/2018, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar excluída da licitación á empresa “Equidesa Group, S.L”, por canto non presentou dentro do sobre A da súa oferta (documentación simplificada) o modelo de declaración de porcentaxe de subcontratación, incumprindo, polo tanto, o establecido no derradeiro parágrafo da cláusula 12.1.2.B





do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente: “As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas”.

Segundo.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/02/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas como xustificación das súas ofertas:

- Considerar xustificada a oferta económica presentada por “Jardincelas, S.L.”
- Por non considerar suficiente a documentación presentada como xustificación da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Arines Obras y Proyectos, S.L.”, excluíndoa, polo tanto, da licitación.
- Por non ter presentado documentación xustificativa da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.”, excluíndoa, polo tanto, da licitación.

Terceiro.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron finalmente admitidas á contratación das obras de “Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muiños (Oleiros)”, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Orzamento base (sen IVE)
1º	Jardincelas, S.L.	40.054,41 €
2º	Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.	42.019,17 €
3º	Construcciones Siber Ordes, S.L.	42.508,34 €
4º	Globalia Urbanismo Integral, S.L.	43.717,92 €
5º (ex	Vías y Servicios Generales, S.L.	43.769,97 €
5º (ex	Construcciones Anspal, S.L.	43.769,97 €
7º	Bricantel España, S.L.	44.099,03 €
8º	Construcciones Cernadas, S.L.	44.297,52 €
9º	Calfensa Proyectos, S.L.	44.937,17 €
10º	Sergonsa Obras y Servicios, S.L.	45.155,00 €
11º	Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	45.812,57 €
12º	Ceta Contratas, S.L.	46.098,99 €
13º	Tarrío y Suárez, S.L.	46.687,96 €
14º	Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	46.900,00 €
15º	Pavimentos Noia, Obras e Contratas, S.L.	46.979,76 €
16º	Denuovo Punto Creativo, S.L.	47.329,93 €
17º	HPC Ibérica, S.A.	49.235,74 €
18º	Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.	49.900,00 €

Cuarto.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real





Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “Jardincelas, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida por medio de correo electrónico na data 14/02/2018

Dentro do prazo concedido a empresa “Jardincelas, S.L.” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 27/02/2018 co número 2.568. Entre a documentación inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 26/02/2018 (nº operación: 2018 33001325), polo aval do Banco Pastor (R.E.A. 8114-00772), por importe de 2.002,72 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de débedas expedido polo tesoureiro municipal José Antonio Rueda de Valenzuela, de data 22/02/2018, acreditativo de que o licitador “Jardincelas, S.L.” atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Riveira.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 28/02/2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 28/02/2018.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.





SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/02/2018, **adxudicar o contrato para realizar as obras do proxecto de "Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muiños (Oleiros)" á empresa "Jardincelas, S.L." (NIF número B15538135), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 48.465,84 euros (base: 40.054,41 euros ; IVE 21%: 8.411,43 euros).**

b) **Prazo de execución: 1,5 meses,** segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data xaneiro/2017.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Carolina Muñiz Pérez**, de datas 05/06/2017, 21/06/2017, 29/06/2017 e 23/08/2017 (Rexistros de entrada nº 9.316, 10.815, 11.366 e 13.725), nos que solicita licenza de obras para substitución de teitume de alpendre anexo á vivenda existente no lugar de Outeiro nº 86, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A0010000340000KP.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 03/04/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Carolina Muñiz Pérez **LICENZA DE OBRAS (Nº 11/18)** para **SUBSTITUCIÓN DE TEITUME DE ALPENDRE** anexo á vivenda existente no lugar de Outeiro nº 86, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A0010000340000KP, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de agosto de 2017 redactado por Belén Rodríguez Rivas (arquitecta Col. nº 2.948) presentado en escrito rexistrado de entrada na data 23 de agosto de 2017, (Rexistro de entrada nº 13.725):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial.***

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de*





seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180205213
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 06/03/2018		Fecha: 06/03/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/03/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/03/2018 14:27:55		Hora: 14:26





- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade,*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180205213
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 06/03/2018		Fecha: 06/03/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/03/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/03/2018 14:27:55		Hora: 14:26





seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 3/17 - BENJAMÍN FORMOSO GONZÁLEZ.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

SITUACIÓN: Rúa Luis Pimentel nº 45, Aguiño, Riveira.

REFª CATASTRAL: 8586912MH9088N0001OW.

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sra. María Paz González.

INTERESADO/A - DENUNCIADO/A: Sr. Benjamín Formoso González.

POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Construcción dun peche de bloques sobrepasando a altura máxima permitida. Ademáis, construíuse un peche do mesmo material no fronte da parcela, e tamén están construídos dous galpóns de bloques rugosos na parte posterior da parcela, para os que non ten solicitado licenza de obra.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de xaneiro de 2016 acordou por unanimidade:

“
(...)

Primeiro.- CONCEDER a Marcos Formoso Pérez **LICENZA DE OBRAS (Nº 6/16)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa Luis Pimentel nº 45-B, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8586912MH9088N0001OW, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 10.12.15 redactado por Sergio Lucio Paniccia:

- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión de 43,40 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.654,19 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficiais correspondentes.

(...)





“

SEGUNDO.- En relación á LICENZA DE OBRAS (Nº 6/16), consta asinado contrato de cesión na data 27 de xaneiro de 2016 pola Sra. M^a Begoña Pérez Amor e polo Sr. Benjamín Formoso González polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreode 43,40 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

TERCEIRO.- Polo Sr. Benjamín Formoso González, achegábase en escrito rexistrado de entrada na data 21.11.16, (Rexistro de entrada nº 15.184), comunicación de obra menor para construción dun peche na Rúa Luis Pimentel nº 45, Aguiño, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 8586912MH9088N0001OW.

CUARTO.- Vista a denuncia cursada na data 17 de febreiro de 2016, (rexistrado de entrada nº 2.618) pola Sra. María Paz González.

QUINTO.- Visto en base ao anterior o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar visita de comprobación na data 24 de febreiro de 2016 e que se transcribe:

“

(...)

ASUNTO: Comprobación de construción de muro de cierre y altura del mismo

SITUACIÓN: C/ Luis Pimentel, 45 (Aguiño)

REFERENCIA CATASTRAL: 8586912MH9088N0001OW

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR: 15184-21/Noviembre/2016

INFORME:

Por medio de denuncia presentada en el Registro del Ayuntamiento de Riveira con nº 2618 y fecha 17/Febrero/2017, se da cuenta de la construción de un cierre de bloques sobrepasando la altura máxima permitida. Personados los Servicios Técnicos municipales en el lugar, se comprueba que se ha construido un muro de cierre de bloques rugosos sobrepasando la altura máxima (1,50 m). Además, se construyó un cierre del mismo material en el frente de la parcela, y también están construidos dos galpones de bloques rugosos en la parte posterior de la parcela, para los que no tiene solicitado licencia de obra.

Consultado el departamento de obras, sólo se ha solicitado licencia de cierre mediante comunicación previa para la parte posterior a nombre de D. Benjamín Formoso González, advirtiéndosele que no se podía pasar de 1,00 m como altura máxima para este tipo de cerramiento.

Riveira, 24 febrero 2017

La Ingeniera Municipal
Uxía Landeira Pereira

(...)

“





SEXTO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 7 de marzo de 2017 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 3/17 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

SÉTIMO - A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Benjamín Formoso González na data 9 de marzo de 2017 e á Sra. María Paz González na data 9 de marzo de 2017.

OITAVO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

NOVENO.- Notificado este emprazamento o Sr. Benjamín Formoso González non presenta alegacións.

DÉCIMO.- A Sra. María Paz González en escritos rexistrados de entrada nas data 28 de setembro e 19 de outubro de 2017 así como o 1 de febreiro de 2018 (Rexistro de entrada nº 15.557, 16.723 e 1.440), solicitou copia da totalidade do expediente así como se dicte resolución do expediente e se proceda a súa execución.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Por último tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade aplicable ao caso nos ocupa a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar visita de comprobación emite informe na data 20 de febreiro de 2018 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 3/17 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: Comprobación de adecuación de obra a la legalidad urbanística vigente.

SITUACIÓN: C/ Luis Pimentel, 45 (Aguiño)

REFERENCIA CATASTRAL: 8586912MH9088N0001OW

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR: 15184-21/Noviembre/2016

INFORME:

Personados los Servicios Técnicos municipales en el lugar, se comprueba que no se ha procedido a adecuación las obras ejecutadas a la legalidad urbanística, estando lo construido exactamente igual que cuando se realizó el informe de 24 de febrero.

Riveira, 20 febrero 2018





La Ingeniera Municipal
Uxía Landeira Pereira

(...)

“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

En relación a dita Ordenanza o criterio estable é, xa fixado dende a entrada en vigor do actual planeamento municipal, polo Servizo de Urbanismo do Concello, e o de compatibilizar o uso residencial en categoría primeira (unifamiliar) dentro do residencial de 2º categoría (plurifamiliar ou colectiva), toda vez que pode entenderse como unha peculiaridade da primeira sobre a segunda categoría, e tendo en conta que a ordenanza non impón a obriga de esgotar o número máximo de alturas permitido, o que parece lóxico na medida en que non se trata dunha ordenanza de edificación pechada entre medianeiras, que poidese en tal caso xustificar unha armonización da cornixa, senon que precisamente a edificación necesariamente debe dispoñerse exenta e recuada un mínimo de 3 m. As ocasións nas que a xurisprudencia veu entendendo obrigatorio esgotar o número de andares previstos no planeamento foi nos casos nos que a ordenanza impoñía expresamente unha unificación de alturas en función de criterios estéticos, co fin de conquistar unha altura de cornixa uniforme e non xerar paramentos cegos vistos, ou para a harmonización das novas edificacións con elementos protexidos, coma se di na Sentenza do TS de 24 de febreiro de 1997. Pero neste caso non existen tales condicionantes, polo que cabe concluir que a altura e número de andares defínense na ordenanza como máximas, pero non como mínimas. Máxime tendo en conta que a ordenanza de aplicación, e no seu apartado 1.2 “usos globais”, establece o “residencial extensivo ou de baixa densidade”; e que como no presente caso o uso pormenorizado proposto é o de residencial de vivenda unifamiliar; asumindo que o mesmo está integrado no uso global e xenérico residencial.

Por iso, e partindo do aforismo de que “quen pode o máis pode o menos”, non existe ningunha razón para impedir que non se esgote a altura máxima prevista pola ordenanza, posibilitando así o feito de poder edificar unha única planta sobre rasante (planta baixa) e gardando os recuados a lindeiros de 3 metros.

Á vista das consideracións precedentes, cabe concluir que a proposta contida do proxecto, aínda que non esgota a altura e número de andares permitidos na Ordenanza aplicable, axústase aos parámetros edificatorios que establece a mesma, integrándose dentro do “uso xenérico residencial extensivo” e, dentro deste, no máis restritivo ou de menor intensidade de uso.

SEGUNDO.- Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción





do establecido no artigo 142 da da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede **a inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollo ao interesado.

TERCEIRO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrucción do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos puidieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se deniegue a licenza o non se cumplan os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxucio da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou





de reconstrucción do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

CUARTO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordáranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrucción do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrucción, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordárase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenárase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir





a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente e visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar visita de comprobación na data 20 de febreiro de 2018 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/02/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións realizadas na vivenda unifamiliar sita na Rúa Luis Pimentel nº 45, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8586912MH9088N0001OW, non se axustan á licenza de obra nº 6/16 concedida pola Xunta de goberno Local en sesión celebrada na data 21 de xaneiro de 2016 nin á comunicación de obra presentada en escrito rexistrado de entrada na data 21 de novembro de 2016, (Rexistro de entrada nº 15.184), e como resultan dos feitos probados sinalados polo Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira en informe emitido na data 20 de febreiro de 2018 non son legalizables no seu estado actual por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

SEGUNDO.- ORDENAR ao Sr. Benjamín Formoso González a **DEMOLICIÓN DO PECHE** sito no fronte da parcela con refª catastral nº 8586912MH9088N0001OW por incumprir a aliñación establecida no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello





de Riveira e non axustarse ao disposto no contrato de cesión asinado na data 27 de xaneiro de 2016 pola Sra. M^a Begoña Pérez Amor e polo Sr. Benjamín Formoso González.

TERCEIRO.- ORDENAR ao Sr. Benjamín Formoso González a **DEMOLICIÓN DOS DOUS GALPÓNS** existentes e construídos sen licenza municipal de obra por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

As ordes de demolición deberán ser executadas no prazo de tres meses a contar dende a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.

CUARTO.- En relación ao peche lateral construído ao amparo da comunicación de obra presentada en escrito rexistrado de entrada na data 21 de novembro de 2016, (Rexistro de entrada nº 15.184), **ORDENAR** ao Sr. Benjamín Formoso González para que no prazo **DUN MES REBAIXE A ALTURA MÁXIMA ATA UN METRO.**

QUINTO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento do anterior nos prazos sinalados procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.

SEXTO.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incurrir os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

SÉTIMO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal ao Sr. Benjamín Formoso González e á Sra. María Paz González.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Luis Sevilla Pouso**, de data 10/06/2017 (Rexistro de entrada nº 11.838), no que solicita certificación de natureza xurídica de camiño sito en Estrada Deán Grande (O Barroso).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Consultados os arquivos municipais compróbase que consta contrato de cesión de D. José Luis Sevilla Pouso e Dna María Virtudes Iglesias Martínez de data



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180205213
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 06/03/2018		Fecha: 06/03/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/03/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/03/2018 14:27:55		Hora: 14:26





30 de decembro de 2005 no que se recoñece a categoría de camiño público. Asímesmo comprobouse o inventario de camiños no mesmo sentido.

Infórmase que analizada a documentación que consta neste Concello existen datos que indican que **o camiño obxecto de consulta é camino público.**

2.- Visto o escrito presentado por **María Teresa Fernández Prego**, de data 01/02/2018 (Rexistro de entrada nº 1.413), no que solicita certificación de natureza rústica de parcela con referencia catastral 15074A821001620000ZR.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Comprobada a normativa aplicable se informa que **a parcela se sitúa en solo rústico**

3.- Visto o escrito presentado por **José Antonio Piñeiro Piñeiro**, de data 16/02/2018 (Rexistro de entrada nº 2.082), no que solicita certificación de que a parcela con referencia catastral 15074A940000020000UQ non invade terreos municipais.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Analizada a documentación que consta neste Concello se informa que **a parcela non invade terreo municipal**

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Visto o escrito presentado por **Cipriano Crujeiras Pena**, de data 29/01/2018 (Rexistro de entrada nº 1.249), no que solicita certificación de innecesiedade de licenza de segregación de parcela sita en Entrematos (Carreira).





A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

- Localización: Entrematos – Carreira
- Categoría solo: Rústico de protección ordinaria e Urbano 6.3B
- Ref. catastral:
- Medición finca matriz: 3151
- Medición fincas resultantes: 130-3021

El objetivo de este informe es la comprobación de que la solicitud de innecesariedad de segregación de parcelas presentada por el Promotor contenga los requisitos de la legislación vigente.

Según el Art. 355 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia “Supuestos específicos” la solicitud de licencia de parcelación deberá adjuntar un proyecto de parcelación suscrito por técnico competente.

Se presenta documentación técnica firmada por Manuel Peleteiro Bandín-Arquitecto.

LEGISLACIÓN APLICADA

- *Ley 2/2016 de 10 de Febrero, del suelo de Galicia.*

Artigo 148. Parcelacións urbanísticas

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.**

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

ANALISIS DE LA SOLICITUD

Se plantea la cuestión de innecesariedad de segregación de la parte urbana de una parcela en la que concurren dos clasificaciones diferentes: urbano y rústico. La parcela que pretende segregarse de la totalidad es una parcela de forma sensiblemente rectangular de 130 m2 de superficie que está unida a la original por un lado. Dicho lado coincide con la línea de separación de clasificación de suelo del Planeamiento.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180205213
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 06/03/2018		Fecha: 06/03/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/03/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/03/2018 14:27:55		Hora: 14:26





PARCELAS RESULTANTES

	SUPERFICIE (m2)	CLASIFICACIÓN	LINDEROS
A	3.021	Rustico de protección ordinaria Urbano 6.3 B	N: Herederos de Joaquín Sampedro S: Herederos de Juan Ayaso Saiñas y herederos de Tomé Sampedro E: Vial y Cipriano Crujeiras Pena P-106 O: Juan Ventoso Oujo y Herederos de Antonio Gago.
B	130	Urbano 6.3 B	N: Herederos de Joaquín Sampedro S: Riveira 2013 S.L., P-59 , P-108 y P-109 E: Vial O: Resto finca matriz

CONCLUSIÓN

Se informa **favorablemente** la innecesariedad de licencia de segregación de la parcela con referencia catastral Nº 15074A014001000001LO y 15074A014001000001KI, situada en Entrematos-carreira, Riveira, en la que concurren dos calificaciones diferentes debido a la clasificación de suelo establecida por el Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, resultando una parcela B con una superficie de 130 metros cuadrados en suelo urbano con aplicación de la ordenanza 6.3 B y una parcela resultante A con una superficie de 3021 metros cuadrados divididos en 2641 metros cuadrados en suelo rústico de protección ordinaria y 380 metros cuadrados en suelo urbano con aplicación de la ordenanza 6.3 B.

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Batirtze Fernández Paredes polas lesións sufridas por mor dunha caída na Praza de Teruel. Expediente RP/ 6/2017.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Batirtze Fernández Paredes**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 06/03/2017 co número 3.515, dona Batirtze Fernández Paredes, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polas lesións sufridas por mor dunha caída ocorrida o día 16 de febreiro do 2017, cando paseaba pola Praza de Teruel e tropezou cun lastro que estaba mal colocado.





Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 29 de maio de 2017, resolverse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Riveira. Así mesmo, comunícase á interesada que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos no artigo 67.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a valoración económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistida da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 29 de maio de 2017, foi practicada á reclamante na data 12 de xuño do 2017.

Cuarto.- Á data de emisión desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte da reclamante se procedera á emenda do referido requisito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.- Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- O artigo 68 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66, e, no seu caso, os que sinala o artigo 67 ou outros esixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.”*

Cuarto.- No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado á interesada, coa indicación esixida no artigo 68 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

Quinto.- O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 22/02/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Ter por desistida da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a dona Batirtze Fernández Paredes, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 06/03/2017, co número 3.515, e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 29/05/2017, notificado na data 12/06/2017. Todo elo, de conformidade cos artigos 21, 67 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dona Anabel López Rodríguez por danos no vehículo 8317-JRD ocasionados por un colector do lixo que bateu contra o mesmo. Expediente: RP/ 12/2017.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **dona Anabel López Rodríguez**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 12 de febreiro de 2017, dona Anabel López Rodríguez tiña estacionado o vehículo da súa propiedade, marca Dacia Sandero con placas de matrícula 8317-JRD, no lugar de Outeiro, Xarás 1, da parroquia e municipio de Riveira, cando, de súpeto, un colector do lixo comezou a desprazarse, batendo contra o automóbil, o que lle ocasionou unha serie de danos.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/10/2017 co número 16.664, dona Anabel López Rodríguez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 131,12 euros, segundo informe – valoración do 14/02/2017, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do informe emitido na data 12/02/2017 pola Policía local do Concello de Riveira; copia simple do informe da taxación do sinistro realizado na data 14/02/2017; e copia simple das condicións particulares do seguro do automóbil.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe remitido na data 20/12/2017 pola Policía local do Concello de Riveira; e certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico rexistrado de entrada na data 05/12/2017 co número 19.235.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que a reclamante presenta escrito de alegacións, rexistrado de entrada na data 09/02/2018 co número 1.828, e no que reitera a súa petición inicial.





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída





nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, dona Anabel López Rodríguez, á data do sinistro, era titular do vehículo matrícula 8317-JRD**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, como titular do servizo de recollida do lixo e dos materiais empregados no mesmo. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de recollida de residuos é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe policial realizado o día do accidente: "(...) *Los daños consistían en una pequena abolladura en la aleta delantera izquierda, justo encima de la rueda.*", e do informe pericial que a reclamante achega coa súa reclamación.

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexos de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público de recollida de residuos.

Como xa se dispuxo, entre os servizos públicos mínimos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigo 26.1 da Lei 7/1985 e artigo 81 da Lei de Administración local de Galicia do 22/07/1997), para a prestación do cal é necesario a utilización de determinados medios materiais, como os colectores situados na vía pública para o depósito dos residuos sólidos. Á





administración local, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento destes elementos para que non poñan en risco a seguridade dos bens e persoas que utilizan a vía pública na que estean situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

A estes efectos, **a Policía Local no informe emitido na instrución deste expediente dispón que:** *“El Agente con número profesional 239028 en respuesta al Expediente RP/12/2017 comunicar que se tuvieron constancia de lo ocurrido por aviso de la Base de la policía local. En relación a la segunda pregunta decir que Si había un temporal de fuerte viento ese día. Los daños coincidían con la posibilidad de que hubiese sido el contenedor, de hecho el contenedor se encontraba pegado al vehículo en el momento de la inspección. El vehículo se encontraba correctamente estacionado en una zona que tienen habilitada las edificaciones de esa zona. El contenedor en cuestión no tenía métodos de sujeción para evitar este tipo de problemas. Los daños consistían en una pequeña abolladura ubicada en la aleta delantera izquierda, justo encima de la rueda.”*

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia da reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Dacia Sandero, matrícula 8317-JRD, propiedade de dona Anabel López Rodríguez.

Respecto do *quantum* a indemnizar, a reclamante presenta un informe pericial que cuantifica o custo da reparación na contía total de 108,36 euros sen IVE, e nun total de 131,12 euros se lle engadimos o 21% do IVE. Como neste caso a reclamante non presenta a factura de reparación do vehículo, soamente un informe de valoración dos danos, enténdese que non debe indemnizarse a porcentaxe que corresponde polo pago do IVE.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/02/2018, e visto o informe de fiscalización previa limitada de gastos emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 22/02/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Anabel López Rodríguez, na contía de 108, 36 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

O abono da referida contía farase polo Concello de Riveira xa que a contía dos danos reclamados non superan a franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas.





3.- Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dona M^a Concepción Martínez Pego polos danos producidos no vehículo matrícula LE-1184-AB. Expediente: RP/ 22/2016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **dona M^a Concepción Martínez Pego**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 05 de novembro de 2015, dona M^a Concepción Martínez Pego circulaba no vehículo da súa propiedade, marca Ford Escort, matrícula LE-1184-AB, cando, de súpeto, ao seu paso polo cruce da rúa Xunqueiras coa rúa Francisco Lorenzo Mariño, na parroquia de Aguiño deste municipio, bateu cunha focha existente na calzada o que lle ocasionou unha serie de danos no automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 06/09/2016 co número 11.375, dona M^a Concepción Martínez Pego, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 407,95 euros, segundo informe pericial de danos e factura expedida polo taller reparador.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do permiso de circulación do vehículo; copia simple do informe emitido na data do accidente pola Policía local do Concello de Riveira; copia simple do informe emitido na data 20/05/2016 pola entidade VIAQUA; informe pericial de danos; e copia simple da factura de reparación dos danos do vehículo (factura 175/2016) expedida polo taller “David Paz Millet”.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe remitido na data 10/02/2017 pola Policía local do Concello de Riveira; certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico rexistrado de entrada na data 14/02/2017 co número 2.367; informe emitido por VIAQUA, rexistrado de entrada na data 14/02/2017 co número 2.419; e informe emitido na data 11/12/2017 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como no Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen





prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, dona M^a Concepción Martínez Pego, á data do sinistro, era titular do vehículo matrícula LE-1184-AB**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial e da factura de reparación dos danos que a reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, a Policía Local no informe emitido na data do accidente dispón que: *"(...) Personados en el lugar momentos después de haberse producido el mismo, pudimos comprobar la existencia del accidente y conocer que el vehículo implicado era un Ford Escort matrícula LE-1184-AB, propiedad y conductora, M^a Concepción Martínez Pego (...); quien circulando por la c/Xunqueiras en dirección al puerto, al llegar a la altura de la intersección con la c/Fco Lorenzo Mariño cae con una rueda en un socavón formado en la calzada por hundimiento del piso asfáltico.*





Que a consecuencia del accidente el vehículo sufre daños a peritar, ya que por la fuerza actuante solo se puede observar un reguero de aceite saliendo de los bajos del vehículo desconociendo el alcance de la avería. Que se da cuenta al servicio encargado del alcantarillado VIAQUA; personándose en el lugar operarios de la empresa quedando señalado el agujero. Que según manifestaciones de los operarios el socavón se formó porque cuando hicieron la remodelación de la calle, en las obras, tapiaron el hueco de una alcantarilla con tablas de madera y la sellaron con relleno de tierra y asfalto, cediendo ahora firme de la calzada. (...)". Asegurando no informe emitido na instrución do expediente que a causa do accidente foi o estado da vía e que o vehículo circulaba correctamente non infrinxindo ningunha sinalización ou restrición al tráfico rodado.

Así mesmo, no informe emitido pola entidade VIAQUA a petición da instrutora, recóllese canto segue: "1) Este servicio tuvo constancia del accidente por el que se reclama, ya que el día 5 de noviembre de 2015 recibimos aviso por parte de la Policía Local del siniestro ocurrido. 2) Este servicio no tuvo constancia del estado en el que se encontraba el registro de saneamiento hasta que se produjo el siniestro referenciado, debido a que el pozo estaba bajo el asfalto, y por tanto oculto, desde las obras de instalación del colector de saneamiento y posterior pavimentación realizadas en esa calle en el año 2008. 3) El pozo de registro oculto no contaba con tapa de fundición, sino que estaba sellado con una tapa de madera, que no está preparada para resistir el peso de los vehículos, produciendo el hundimiento del pavimento y el siniestro del vehículo. 4) Este servicio, debido a la situación peligrosa que suponía un pozo de registro sin tapa en el carril de rodadura del vial, corrigió la deficiencia instalando una tapa de fundición e informando a los técnicos municipales de lo sucedido. (...)"

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 11/12/2017, dispón que a pesar de que non tivo coñecemento do accidente que dou lugar á reclamación presentada, pode confirmar que no ano 2008 consta a realización polo Concello dunha obra na rúa Xunqueiras, que inclúe o tramo no que tivo lugar o accidente, e que na execución destas obras o que sole facerse é poñer unha protección provisional das tapas de rexistro, a continuación aglomérase e por último sóbese ata a nova cota, debendo suceder neste caso, que se puxo unha protección provisional, e despois se procedeu ao aglomerado, pero ao finalizar, non debeu subirse ata a nova cota.

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia da reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Ford Escort, matrícula LE-1184-AB, propiedade de dona M^a Concepción Martínez Pego.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 21/02/2018, e visto o informe de fiscalización previa limitada de gastos emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 22/02/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M^a Concepción Martínez Pego, na contía de 407,95 euros.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Riveira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 257,95 euros.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Visto o escrito remitido polo **Intendente-Xefe acctal. da Policía Local**, Pedro Antonio Fernández Iglesias, de data 22/02/2018 (Rexistro de saída P.L. nº 238), no que achega informe policial de data 21/02/2018 (Rexistrado de entrada P.L. en data 22/02/2018 co nº 321), relativo á conveniencia ou non de establecer un sentido único de circulación na Rúa da Fonte (Palmeira), en base á proposta presentada polo Grupo Municipal Socialista na data 11/02/2018 "(...) *que se estude a posibilidade de establecer un único sentido de circulación na Rúa da Fonte-Palmeira, xa que o ancho é escaso*".

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda non proceder ao establecemento dun único sentido de circulación na Rúa da Fonte-Palmeira** en base aos argumentos aportados no citado informe policial, no que se considera que mentres non se establezcan outras vías de circulación alternativas convén que a referida Rúa da Fonte siga sendo de dobre sentido de circulación.

Extracto de informe policial:

"(...)

Plantexada esa proposta a motos dos veciños do lugar que se verían afectados de xeito moi directo, tanto os que viven preto de alí como sobre todo os de Chacín, todos manifestaron vehementemente que é claramente preferible que esa vía sexa de dobre sentido de circulación posto de de non ser así obrigaría a dar un grandísimo rodeo para chegar ás suas casas; que "ben compensa soportar as molestias de retroceder co seu vehículo para ceder o paso ó contrario, pois só ocorre moi de cando en vez e sen perigo".

En canto a intensidade do tráfico que existe nesa zona é escaso ou cando menos fluído, tanto de tipo peonil como rodado; e neste último caso, casi sempre lixeiro (turismos) e utilizado casi só polos propios veciños.





Polo tanto, o que suscribe considera que mentres non e establezan outras vías de circulación alternativas convén que a referida rúa da Fonte siga sendo de dobre sentido de circulación”

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

1.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 22/02/2018, en relación á convocatoria do programa de subvención a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2018. (BOP nº 33, do 16/02/2018)

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio Profesional de Música de Riveira por importe de 20.000 euros, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e de persoal.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
4. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
6. Remitir antes do 28 de abril de 2019 ás 14.00 horas a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

2.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Comercio e Turismo, Jesús Freire Brión**, de data 26/02/2018, en relación á convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2018. (BOP nº 33, do 16/02/2018)

Vista a documentación que consta no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

1. Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2018” - Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
4. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
6. Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

3.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 26/02/2018, en relación á Resolución do 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018, da Axencia Turismo de Galicia, publicada no DOG núm. 24 do 02/02/2018

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- **Primeiro:** Solicitar unha axuda ao abeiro da citada convocatoria para a Festa da Dorna, declarada de interese turístico de Galicia.
- **Segundo:** Asinar un protocolo de colaboración coa entidade financeira A Banca para que contribúa ao desenvolvemento da Festa da Dorna mediante a realización dunha achega económica, en concepto de colaboración, por un importe de 1.500 €, tal e como establece o artigo 2.4 da citada orde de subvención.





- **Terceiro:** O concello de Riveira financiará a parte que non resulte subvencionado ao abeiro da citada convocatoria ata o importe de execución previsto.

- **Cuarto:** Ambas achegas, a axuda solicitada á Xunta e a axuda de colaboración con A Banca, serían para sufragar os gastos de cartelería e publicidade e de dúas actuacións artísticas que ascenden a un total de 4.500 €.

- Cartelería e publicidade: 347,28 €
- Actuación artística do grupo “Uxía Lambona e a banda molona”: 1.573 €
- Actuación musical de “Familia Caamagno”: 2.579,72 €

4.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 26/02/2018, en relación á convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2018, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 33, do 16/02/2018)

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1. Acolleerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2018” – **Sala-Museo Municipal de Riveira**.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
4. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
6. Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180205213
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 06/03/2018		Fecha: 06/03/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 06/03/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/03/2018 14:27:55		Hora: 14:26





5.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 26/02/2018, en relación á Orde do 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), para o exercicio 2018. (DOG 06/02/2018, núm. 26)

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para a contratación temporal de 4 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados, ao 100% da xornada, durante 9 meses, para a realización da seguinte obra/servizo:

“Xestión de biomasa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais en terreos de titularidade municipal do Concello de Riveira”.

Segundo.- Facer constar que as retribucións dos traballadores a contratar serán as que figuran no actual Orzamento Municipal, de aplicación ao persoal laboral do Concello.

Terceiro.- Solicitar a contratación anticipada dos traballadores no caso de que sexa concedida a citada subvención.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

